

**PEZA:** Roda da Fortuna

**AUTOR:** obradoiro Compostelán

Material arqueolóxico, Azabachería, 29

**NºINV.:** D-122

Peza favorita de **Gloria Rico**

«Motivo iconográfico e literario que representa a inestabilidade da condición humana submetida ás variacións da Fortuna.

Tan lonxe...O tema da roda da Fortuna orixinouse na Antigüidade greco-romana, din que a partir da fusión de dúas deusas que personificaban o destino e a sorte. Na Idade Media, xa cristianizada, representa A Roda da Vida, simbolizando as mudanzas tanto positivas como negativas.

Tan cerca...no número 29 da rúa Acibecharía, media roda, mais que permite imaxinar a outra media, por tanto, presente, pasado, caída en desgraza e futuro. " *Regno, regnavi, Sum sine regno, regnabo*"

"*Fortuna imperatrix mundi*" tópico literario que transmite a idea do poder que ten a Fortuna de trastocar a natureza das cousas.

Por que é a miña peza favorita? pois porque cada día que podo gozar dela lévame a momentos, imaxes e contidos ben diferentes. Na música desde Carmina Burana até Eric Clapton «Tears in heaven»;na Literatura desde os clásicos a «Copla nº10» de Jorge Manrique ou a «Las trescientas» de Juan de Mena; na danza, desde a Danzas da Morte medievais até os programas de televisión «Wheel of Fortune»; nas artes plásticas, desde as miniaturas de Montecassino que seguen a Boecio até a placa decorativa da rúa Acibecharía.

Todo un camiño! Non podía ser doutra maneira estando no MdPS.»

Gloria Rico

17 de xullo de 2020